

Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado

④ A nutrición - As paisaxes de España

o

Nutrición

P. de España

Lingua

Lengua

Matemáticas

English

Computación

T. colectivo

UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA - 4º PRIMARIA

④ A nutrición - As paisaxes de España



JOSÉ MANUEL BOUZÁN MATANZA



Unidade Didáctica Integrada - 4º Primaria

1. - Introducción:

"A nutrición – As paisaxes de España" é unha unidade didáctica integrada creada por José Manuel Bouzán Matanza nunha licenza por formación para o curso 2019/20 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Destinatarios: Centrada nos contidos propios do cuarto curso de Educación Primaria pero válida tamén para 5º e 6º de E. Primaria a xeito de repaso e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Áreas e contidos: Abrangue contidos propios das áreas de Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua galega e castelá así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo e contidos pertencentes ás ciencias da computación.

A grandes trazos poderíamos resumir estes contidos como:

Ciencias da Natureza: A nutrición. Aparatos que interveñen.

Lingua galega e castelá: Lectura comprensiva. A lenda. O adxectivo. Palabras derivadas. Ortografía.

Nestas dúas áreas, independentemente da utilizada para introducir un determinado concepto, trátanse indistintamente aqueles aspectos comúns a ambas as dúas.

Matemáticas: Los decimales. Operaciones. Cálculo rápido. Taller de problemas. Lóxica matemática.

Ciencias sociais: O relevo. Ríos e paisaxes de España.

Inglés: O aparello dixestivo. Compresión lectora.

Computación: Programación. O bucle “repetir mentres”.

Ámbito: Baséase fundamentalmente no uso do ordenador (concretamente dun navegador web recente como mozilla firefox, chrome, opera, ou safari) como soporte básico de toda a unidade.

Recoméndase que a unidade sexa executada baixo un servidor web (aínda que non se conte cunha conexión a Internet, ver documento técnico).

Temporalización: Pensada para, aproximadamente vinte días. Dada a organización máis habitual dos contidos nestes niveis, estímase que o mellor momento durante o curso debería de ser o inicio do 2º trimestre (Esta unidade é a número 4 dunha serie de unidades que o mesmo autor creou para o mesmo curso). Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

Interface: Moi sinxelo baseado nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal pódese acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir da consulta de texto propio da unidade, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna e volver ás actividades. Así mesmo, naqueles grupos de actividades, que se estimou oportuno a posible consulta de algo, colocáronse enlaces a ferramentas "on line" tales como os dicionarios.

Nos seguintes apartados realízase unha descrición detallada de cada un dos distintos apartados. Teña presente que, aínda que aquí se presentan na mesma orde que aparece na unidade, esta foi pensada para ser desenvolvida na aula dende distintos flancos.

2.- A nutrición:

2.1.- Nutrición:

Neste apartado tense acceso aos contidos propios do tema, empezando polo medio físico que habitan distintos seres vivos para logo entrarse no concepto de ecosistema e os contidos relacionados con este tema. Remata o tema con aspectos relativos á conservación destes espazos.

4 A nutrición - As paisaxes de España

o Nutrición P. de España

Alimentos e nutrientes
→ Actividades 1
→ Actividades 2
→ Pirámide de alimentación
Os aparatos da nutrición
A dixestión
→ Actividades 3
A respiración
→ Actividades 4
A circulación
A excreción
→ Actividades 5
→ O gran test

6.- A excreción.

Como o sangue recolle todos os refugalllos do noso corpo é necesario que nalgún lugar se limpe e que esas substancias de desfeito sexan expulsadas ao exterior ao que chamamos excreción. Desta función encárganse o aparato excretor e a pel.

O aparato excretor está por formado polos riles e a vexiga. Os riles encárganse de limpar o sangue filtrándoo como se fosen uns coadoiros, formándose así a urina. Esta urina vai almacenarse á vexiga da urina mentres non a expulsamos ao exterior.

A pel, ten moitas tarefas no noso corpo, nela atópanse as glándulas sudoríparas, nelas tamén se limpa o sangue e fórmase a suor que sae á superficie da pel polos poros.

Diagram labels: ril, uréter, uretra, vexiga, glándula sudorípara, EPIDERMIS, DERMIS.

Poña atención aos botóns que aparecen no fondo e á súa funcionalidade:



Aquí pode ir directamente a calquera dos contidos do tema.



Este botón ten unha intención didáctica importante buscando un afianzamento maior do estudado por parte do alumnado, así para a asimilación das palabras clave, un exercicio interesante pode ser que o alumno lea o contido con esas palabras "ocultas"




As frechas permiten unha navegación (independente do menú) ao seguinte/anterior texto.



Nalgúns apartados pode atopar botóns como este que "abren" novos contidos (neste caso unha imaxe).

2.2.- As actividades interactivas:

Neste apartado atópanse tamén ligazóns a cinco grupos de actividades interactivas, a súa intención é o afianzamento dos conceptos tratados nos puntos que os preceden. Nestes grupos de actividades compresinala barra de navegación que permite pasar á seguinte ou a anterior actividade, as ligazóns directas no menú de “actividades” e o botón de autoavaliación:



Este botón permítelle a alumnado e profesorado ter un informe detallado do realizado en cada grupo de actividades. Premendo nel aparecerá un informe como o da imaxe:

As máquinas

Nº	Actividade	Execucións	Estado				intentos:
1	Os primeiros conceptos	1	✓				1
2	Recordamos	1	⚙				0
3	A panca. Elementos	1	⚙				0
4	Pensamos	2	⚙				0
5	Clasificamos	2	⚙				0
6	Pancas no noso corpo	0	⚙				0
				2 / 6			

Onde podemos observar que a actividade número 1 se realizou unha única vez correctamente aínda que houbo un intento con fallo (columna de intentos), así mesmo as actividades catro e cinco foron realizadas dúas veces (columna execucións), se poñemos o cursor do rato enriba do número, no gráfico púxose enriba do número 2 da columna de execucións, exercicio 5, aparece unha subtáboa que nos informa de cada unha das veces que se realizou a actividade, neste caso, por exemplo, a primeira vez, foi realizada incorrectamente acumulando ata tres fallos, a segunda iniciouse pero non finalizado (columna fin con valor xx:xx), icona roda dentada.

2.3.- Pirámide de alimentación:

Na segunda pantalla do primeiro apartado, “alimentos e nutrientes”, hai un gráfico dunha pirámide alimenticia (botón coa icona dunha carpeta). Neste apartado atópanse actividades de interpretación e comprensión deste gráfico.

2.4.- O gran test:

Test no que se percorren os conceptos básicos tratados, está pensado como axuda “autoavaliativa” unha vez foron tratados todos os puntos.

Pirámide de la Alimentación Saludable



3.- Hidrosfera e xeosfera:



Este apartado presenta unha organización similar ao tema de ciencias naturais.

Parte da descrición da parte relativa á auga no noso planeta para logo facer unha introdución ás distintas partes da parte sólida.

Conta con catro bloques de actividades interactivas e o “gran test” que é un repaso xeral dos conceptos traballados.

Teña en conta que nos apartados relativos ao relevo e os ríos de España, o texto é interactivo, quere isto dicir que, por exemplo no relevo, se coloca o cursor sobre as

palabras que se atopan en cor laranxa verá que no gráfico aparecen etiquetas correspondentes ao sinalado no texto.

4 A nutrición - As paisaxes de España

2.- O relevo de España:

Situando o cursor do rato sobre os textos en laranxa →

No centro da península atópase a Meseta Central, unha terra cha elevada nas que se atopa o Sistema Central que divide a Meseta en dúas partes. Rodeando a esa meseta están o Sistema Ibérico, Serra Morena, a Cordilleira Cantábrica e, en Galicia, o Macizo Galaico. Exteriores á Meseta atópanse os Pirineos e os Sistemas Béticos.

Existen tamén dúas grandes depresións, son as dos ríos Ebro e Guadalquivir, e formada tamén por dous arquipélagos, un, de orixe volcánico, as illas Canarias, onde está o pico máis alto de España, o Teide; e outro o das illas Baleares, no Mediterráneo.

Pon o cursor do rato sobre as palabras de cor.

O gráfico amosa información relativa ao texto sobre o que se atopa o cursor

Unidade Didáctica Integrada - 4º Primaria

4. - Lingua galega:

4.1. Lectura – Charlie e a fábrica de chocolate.


Son os capítulos II e III da obra de Roald Dahl. Ten actividades tanto de comprensión lectora, como de vocabulario e ortografía relacionadas co conto.

4.2. - O adxectivo:

Nesta área exporase o xénero e número, mentres que, na área de “Lengua”, farase o relativo aos grados do adxectivo. En canto as actividades conta con dous bloques para traballar tanto o xénero e número como os grados, por iso é interesante abordar este apartado da gramática de xeito conxunto.

4.3. - Palabras derivadas:

Tras unha exposición gráfica atópanse un conxunto de sete actividades interactivas.



4.4. - Actividades 4:

Conxunto de actividades sobre os adxectivos.

4.5. - Cabo ou cavo?

Traballo sobre estas dúas palabras.

4.6.- Ditado:

Conxunto de actividades encamiñadas ao afianzamento da ortografía de distintas palabras que, na derradeira actividade van a aparecer nun “autoditado”.

4.7.- Personaxes de lenda:

É unha actividade conxunta na que cada neno e nena debe de aportar un personaxe de lenda (a lenda introdúcese na área de “Lengua”). Para o funcionamento desta actividade a unidade debe de estar baixo un servidor web e ter un “control de usuarios”, consulte o documento técnico para máis información.

The screenshot shows a digital form titled "Personaxes de lenda.". It contains three input fields: "Época:", "Lugar:", and "Descrición:". Below the form, there are two small icons: a pencil and a trash can.

5.- Lengua castellana:

Se sigue en este apartado una estructura similar a la de lengua gallega, por lo que se trabajan tanto aspectos iguales como diferenciadores en las dos lenguas.

5.1.- Lectura – La leyenda de la Mora:

Lectura sobre una leyenda localizada en la supesta formación de “los ojos del Guadiana”. Al igual que en el área de “Lengua” cuenta con actividades de comprensión lectora, vocabulario y ortografía.

Además se introducen los aspectos más comunes en las leyendas. Observe que en este mismo apartado, en el fondo hay dos botones con el icono “< >” desde los que puede acceder a dos vídeos explicativos sobre lo que realmente son “los ojos del Guadiana”.

@ A nutrición - As paisaxes de España

Nutrición P. de España Lingua Lengua Matemáticas English Computación T. colectivo

La leyenda:

Una **leyenda** es un relato que se transmite por tradición **oral**, el cual combina **elementos reales** con **elementos imaginarios** o maravillosos, enmarcados en un **contexto geográfico** e **histórico** concreto.

En la leyenda que acabamos de leer encontramos estas características:

Elementos reales y contexto geográfico: el río Guadiana, la llanura del Guadiana Alto y los lugares de Argamasilla de Alba y Los Ojos del Guadiana.

Elementos imaginarios o maravillosos: el sabio ulema y el hechizo que hizo aparecer el agua.

Contexto histórico: la leyenda se sitúa en la época en la que los musulmanes vivían en el sur de la península y mantenían guerras con los reyes cristianos del norte.



Unidad Didáctica Integrada - 4º Primaria

5.2.- El adjetivo:

Concepto que puede ser abordado junto con el apartado dedicado a la comunicación del área de “Lingua” relacionado con el género y número.

5.3.- Actividades 3:

Conjunto de actividades sobre la formación de palabras (en el apartado de “Lingua” se trata este tema).

5.4.- Ortografía:

Trabajo sobre palabras que se escriben con “v”.

@ A nutrición - As paisaxes de España

Nutrición P. de España Lingua Lengua Matemáticas English Computación T. colectivo

CON V -ave, -avo/a, -evo/a, -eve, -ivo/a

Se escriben con **v** todos los adjetivos que terminan en: -ave, -avo/a, -evo/a, -eve, -ivo/a



digestivo



leve



grave

*afirmativa repetitivo
nuevo breve octavo
suave deportivas brava
festivo agresivo curativa
educativo pensativa
nativa agresivo esquiva*

Unidad Didáctica Integrada - 4º Primaria

5.5.- ¿ Tubo o tuvo?:

Afianzamiento del uso de estas dos palabras.

5.6.- Dictado:

Conjunto de actividades encaminadas al afianzamiento de la ortografía de distintas palabras que, en la última actividad van a aparecer en un “autodictado”.

5.7.- Escribimos leyendas:

Trabajo colectivo en el que se pide que cada niño escriba su leyenda en la que intervenga el personaje que se introdujo en el apartado de “Lingua”.

Escribimos leyendas

En este apartado cada uno y cada uno va a escribir una leyenda en la que intervenga el personaje que introdujo en el apartado de “Lingua”.



6.- Matemáticas:



El tema central de todo el área son los números decimales. Empieza con un “recordamos” de los conceptos de la unidad anterior relativa a las fracciones y centrada en las de denominador con la unidad “seguida de ceros”.

6.1.- Veamos

Conjunto de imágenes para la introducción del tema.

6.2.- Los decimales:

Consta de una secuencia didáctica sobre décima, centésima y milésima. Existen también dos grupos de actividades centradas en la interpretación gráfica de estos conceptos.

6.3.- El cero a la derecha:

Explicación y actividades sobre esta “situación”.

6.4.- Actividades 4:

Es un conjunto de actividades sobre todo lo tratado en los apartados anteriores.

6.5.- Operaciones:

Espacio dedicado a los algoritmos de las operaciones básicas con decimales.

Suma y resta Para sumar y restar números decimales lo único que has de hacer es situar "la coma debajo de la coma", fíjate:

23,34 + 13,2 + 8,302 =

23,34
+ 13,2
+ 8,302

44,842

Colocamos "la coma debajo de la coma"

Como el cero a la derecha de los decimales no modifica su valor, podemos rellenar los huecos con ceros para que la cuenta se realice más cómodamente

Si el número no tiene decimales 23 - 13,2 =

23
- 13,2

9,8

6.6.- Multiplicar por 10, 100...:

Cuenta con un primer espacio, “movemos la coma”, en el que se puede situar un número e ir planteando distintas situaciones en las que, según la operación propuesta, “movamos la coma”.

6.7.- El euro:

Cuenta con dos grupos de actividades, una primera, en la que relacionamos las distintas monedas con la numeración decimal y, una segunda, “vamos de compras”.

9. - T. colectivo:

Este traballo colectivo precisa dunha xestión de usuarios e que a Unidade estea aloxada baixo un servidor web. Non obstante a proposta de traballo podería ser facilmente realizable por medios máis “tradicionais”.

Neste caso tratamos de percorrer a xeografía española investigando sobre os pratos típicos de cada rexión. O resultado final será un album co gastronomía máis relevante de cada recuncho.

© A nutrición - As paisaxes de España

o Nutrición P. de España Lingua Lengua Matemáticas English Computación T. colectivo

1.- Introducción 2.- A pescuda 3.- O traballo final

1.- Introducción:
 Como acabamos de ver en España temos distintos e variados tipos de paisaxes, condicionadas pola súa situación e pola climatoloxía. Á hora de alimentarnos tamén temos unha grande e variada riqueza en forma de pratos típicos ou tradicionais dunha determinada zona ou rexión. Así en Galicia temos as empanadas ou o polbo á feira, en Asturias é moi famosa a súa fabada ou, en Valencia, a paella.

Case todos eses pratos son moi antigos, teñen a súa historia e, como os contos, as súas receitas foron transmitidas de xeración en xeración oralmente.

Neste traballo ides a dar un paseo gastronómico por toda España, buscando algún prato típico de cada unha das rexións.



PRATOS TÍPICOS DE ESPAÑA
 TRABAJO COLECTIVO DE INVESTIGACIÓN

Unidade Didáctica Integrada - 4º Primaria